

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Agricultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

RESOLUCIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE AUTORIZA O PLAN EXPERIMENTAL DE CAPTURA DE BOLO VIVO COA ARTE DE BOLICHE EN AUGAS COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Feitos.-

Varias confrarías de pescadores, coa finalidade de dotar de engado ás embarcacións asociadas a súa confraría que teñen autorizado no permiso de explotación artes de anzol, veñen de solicitar autorización para a captura de *bolo vivo* coa arte de *boliche*, con fins non comerciais.

Fundamentos xurídicos e técnicos.-

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, regula na súa disposición adicional novena a delegación de competencias. Asemade, a Resolución do 4 de maio de 2012, de delegación de firma no secretario xeral do Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar, establece no seu artigo 1 que: "Delégase a firma dos seguintes actos e resolucións ditados en virtude das competencias propias da persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar, na persoa titular da Secretaría Xeral do Mar:" "e): A aprobación de plans experimentais de pesca a que fai referencia o artigo 3 bis do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia."

Tendo en conta que o *Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*, recolle no seu artigo 77 que se poderá autorizar a captura de diversas especies da familia *Ammoditidae* (bolos, lanzóns e voadores) **usando exclusivamente artes de cerco** coa finalidade de ser indistintamente destinadas a carnada viva ou morta ou a outros fins comerciais.

O artigo 117 do devandito Decreto establece que o uso do boliche ou chinchorro só se permitirá logo da aprobación do oportuno plan de explotación, prohibíndose realizar o halado con cabo dado á terra.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

O Decreto 198/2004, do 29 de xullo, polo que se modifica o Decreto 424/1993, no seu artigo 3º.2 indica que a consellería competente en materia de pesca poderá, con carácter experimental e temporal, aprobar plans de pesca co obxecto de estudar os efectos derivados da utilización de novas artes e aparellos, ou da modificación da regulación dos definidos neste regulamento, cara a unha mellor xestión dos recursos pesqueiros.

Así mesmo, establécese na disposición transitoria terceira do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, que os plans experimentais referidos no artigo 3º.3 deste decreto manteñen a regulación prevista no artigo 3º bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, ata que non se aprobe a norma que o substitúa.

A Orde do 26 de marzo de 2009, pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2º bis, establece que a inclusión nun plan experimental dos regulados no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, suporá a autorización para o emprego do arte a que se refira dito plan.

Vistos os informes técnicos, e que as embarcacións solicitantes teñen autorizadas no seu permiso de explotación algunha das artes de anzol recollidas na sección primeira do capítulo III do regulamento das artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos antes mencionado,

RESOLVO:

Autorizar ás embarcacións relacionadas no **anexo A** á captura de *bolo vivo* con fins non comerciais para o seu uso como engado, coa arte de *boliche*, baixo os seguintes termos e condicións:

1.- Participantes:

- a) Unicamente participarán no plan as embarcacións que se relacionan no **anexo A** da presente Resolución.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

b) Non se incorporarán embarcacións nos plans aprobados para a seguinte campaña, nos seguintes supostos:

- * Cando estando despachadas ao plan en curso, non presentaran a declaración de capturas mensual, conforme ao establecido na presente resolución, e non se conte con elas para a elaboración dos informes de seguimento do mesmo.
- * Cando non estando despachadas ao plan en curso, presenten declaración de capturas ao plan.
- * Cando non presenten ningún despacho ao plan no transcurso do mesmo.

Nestes casos, as embarcacións non poderán ser incluídas en todo o período autorizado do plan da seguinte campaña, aínda que leven a cabo a solicitude de incorporación ao mesmo.

c) As embarcacións excluídas no presente plan quedan relacionadas no **anexo B**.

2.- **Arte:** A arte a usar será o *boliche* que se axustará ao disposto na subsección segunda, sección sexta do Capítulo III, artigos 114, 115, 116 e 117 do *Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*.

3.- **Especie:** O obxecto da captura será o *bolo vivo* con fins non comerciais para o seu uso como engado, non estando autorizado o uso da arte para a captura doutras especies con valor comercial que deberán ser devoltas ao mar. Os individuos descartados que non acaden tamaño legal, así como outros que non son obxecto de autorización deberán ser devoltos ao mar inmediatamente.

Cando haxa unha captura suficiente, optativamente, poderase ceder de xeito gratuíto parte do bolo a outras embarcacións que o precisen, estean ou non incluídas neste Plan.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 -- Fax 981 544 740

4.- Época autorizada: A época autorizada abranguerá dende o día seguinte a recepción desta resolución ata o 31 de decembro de 2017.

5.- Punto de control: O punto de control será a zona de pesca.

6.- Control e seguimento da actividade pesqueira:

a) **Despachos telemáticos.-** Deberán despachar as embarcacións no apartado de adhesión a plan de explotación: ["BOLICHE (13A) PLAN EXPERIMENTAL BOLICHE_CEBO VIVO (ARTES ANZOL) 2017 (C.A. GALICIA)"].

A disposición adicional primeira do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, establece: *Autorízanse ás embarcacións que dispoñan no seu permiso de explotación de aparellos de anzol, simultanear o uso destes co emprego de nasas para patexo (*Polybius henslowi*) e nécora francesa ou conguito (*Liocarcinus corrugatus*) e cercos para bolo, co fin de capturar o engado vivo.*

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de "*pendente rexistro actividade*".

b) **Remisión de datos de capturas.-** Con periodicidade mensual a confraría deberá remitir datos diarios de extracción por especie, utilizando como modelo o que como anexo C se acompaña, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía fax (981544740) ou correo electrónico á dirección serviciopesca@xunta.es. A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa **baixa definitiva do plan**.

c) **Mostraxes.-** Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a **baixa definitiva do plan**.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

7.- Extracción e comercialización.- O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estricto cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

8.- Infraccións e sancións: O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017


A conselleira

P.D. sinatura (Resolución 04/05/2012)

segundo a Disp. Adic. Novena do Decreto 177/2016, do 15 de decembro

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica




Mercedes Rodríguez Moreda



XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DO MAR
 Dirección Xeral de Pesca,
 Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

 Edifícios Administrativos San Caetano, s/n.
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

galicia

ANEXO A

 RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS NO PLAN DE CAPTURA
 DE BOLO VIVO COA ARTE DE BOLICHE EN AUGAS COMPETENCIA DA
 COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ANO 2017

EMBARCACIÓN	MATRÍCULA + FOLIO	CONFRARÍA
AROAMAR	CO-7-1-13	PORTO DO SON
ANZUELO J.	VI-5-6-06	VIGO
ARES	VILL-1-4509	RIBEIRA
CALO	CO-7-3467	PORTO DO SON
CARMEN TERCERO	VI-5-9650	VIGO
CONCHITA ^{CTM}	VI-4-5129	ALDÁN-HÍO
DON CAMARÓN	CO-5-2-04	CORCUBIÓN
FA UN	VILL-1-8-00	AGUIÑO-CARREIRA
FELE MAR	VI-4-5345	ALDÁN-HÍO
GOLFO PERSICO	CO-5-2-94	CORCUBIÓN
KING SEA	VILL-1-1-95	AGUIÑO-CARREIRA
LIBERTAD	VI-6-3215	BAIONA
MARESCO TRES	FE-4-4-08	CORCUBIÓN
MARI PRIMERA	VILL-1-4444	RIBEIRA
MUNDO UNO	VI-6-3-05	BAIONA
NAYARA UN	VILL-1-1-13	AGUIÑO-CARREIRA
NOETA PRIMERO	CO-5-03-01	CORCUBIÓN
O JALLEJO	VILL-1-7-06	RIBEIRA
RULA	VILL-1-3937	RIBEIRA
SANTA RITA	CO-5-2030	CORCUBIÓN
SINAI	VILL-1-8-01	RIBEIRA
SONI DOS	VILL-1-1-05	CORCUBIÓN

^{CTM} → Embarcacións condicionadas á vixencia do actual cambio temporal de modalidade ^(CTM)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
 Dirección Xeral de Pesca,
 Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edifícios Administrativos San Caetano, s/n.
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

ANEXO B

RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS EXCLUÍDAS DO PLAN DE PESCA DE CAPTURA DO *BOLO VIVO* COA ARTE DE BOLICHE EN AUGAS COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ANO 2017

EMBARCACIÓN (Matrícula e Folio)	CONFRARÍA	MOTIVO EXCLUSIÓN
ALBINO CAPITAN II (VI-4-2-95)	ALDÁN-HÍO	Non ter a arte necesaria
ATILA (VI-2-1972)	ALDÁN-HÍO	Non ter a arte necesaria
CHICHITA (VI-4-5219)	ALDÁN-HÍO	Non ter a arte necesaria
XARDO PRIMERO (VILL-4-2-98)	ALDÁN-HÍO	Non ter a arte necesaria

